



Catro robots para lograr tres muxidos ao día

Juan José Iglesias é o propietario da gandería lucense Enrique do Coche, na que hai pouco máis dun ano deron o salto ao muxido robotizado cun total de catro robots GEA DairyRobot R9500.

Conseguir facer tres muxidos ao día e optimizar os recursos de man de obra eran os seus dous principais obxectivos, aos que enseguida se engadiu o incremento constante na produción.

Non é a primeira vez que Juan confía en GEA, todo o contrario, sempre traballou coa marca na súa gandería. A calidade dos equipos e a falta de problemas nos diversos sistemas utilizados marcaron a súa decisión á hora de escoller os robots, unha fidelidade que uniu a certas características que lle ofrece este modelo, como son o foso, a separación por cuartos e a colocación das tetoeiras.

Coñecemos como foi o proceso de cambio da súa sala rotativa aos robots e a valoración que a día de hoxe fai da súa decisión.



Nome da explotación: Enrique do Coche
Localización: Castro de Rei (Lugo)
Propietario: Juan José Iglesias
Traballadores: 4
Animais en total: 420
Vacas en produción: 210
Media de produción: 39 litros/vaca/día
Media de número de muxidos: 3,2
Porcentaxe de graxa: 3,90 %
Porcentaxe de proteína: 3,30 %
RCS: 200.000 cél./ml



“Estou contento co cambio; se me din de volver atrás, seguiría facendo o mesmo”

Que sistema de muxido tiña antes de instalar o robot?

Tiñamos unha sala rotativa de 24 puntos.

Por que decidiu robotizar o muxido?

Decidín pasarme a robots para conseguir un control maior sobre o muxido e por cuestións de man de obra.

Por que elixiu GEA?

Porque toda a vida traballei con máquinas GEA, foime ben con elas e, sobre todo, porque son cliente de Agrícola Acevedo e nunca un problema tiven. Estou encantado con eles.

EQUIPADO CON GEA DESDE SEMPRE

Ademais dos catro robots R9500, a gandería Enrique do Coche conta cos colares CowScout para todos os seus animais, o arrimador de comida FRone, a amantadora C400 e un tanque TCool.

Cando decidiu traballar cos colares CowScout?

Cando demos o paso de robotizar o muxido, decidimos tamén poñerlles colares a todos os animais da granxa. Antes as vacas tiñan podómetros, pero era necesario pasar pola sala para o control da actividade. Agora, os colares ofrécenos os datos a tempo real e a maiores teño información da inxestión.



Que características deste modelo lle gustaron máis?

As características que máis me gustan deste robot son o foso, porque permite outra facilidade para a aplicación de tratamentos, os secados e un bo acceso ao ubre; a separación por cuartos, coa que sempre podes separar o leite por células, e a colocación.

Como planificou o proceso de instalación dos robots?

Empezamos a instalación dos robots no verán de 2019, a mediados de setembro comezamos a darlles penso ás vacas no robot para que fosen entrando e seguimos muxindo na sala e o 28 de outubro comezamos a muxir con eles.

Puxemos os catro a andar xuntos, ese mesmo día apagouse a sala e non volvemos acendela nunca máis.

Como foi a adaptación dos animais e como lembra o proceso de cambio?

As vacas adaptáronse moi ben, porque xa levaban cinco semanas entrando nos robots para comer o penso. Os primeiros días, cando saía o equipo de muxido, algunhas poñíanse máis nerviosas, pero ben, despois xa empezaron a entrar solas.

Sempre hai algunha que non é que non queira entrar, é que non se acorda de vir muxir, pero son as menos, e o comportamento non é igual todos os días. Por exemplo, hai días que chegamos e hai dúas ou tres vacas con atraso en todo o establo e outros días que igual hai doce ou trece.

Miro sempre os datos que me ofrece, pero no que melloramos moitísimo foi na detección de celos, sobre todo das xovencas. As vacas xa as controlabamos cos podómetros, pero coas xovencas notamos moito o cambio, porque, ao estar máis lonxe, nunha nave próxima, antes non se vía ningunha e agora non se nos escapa ningún celo.

Que beneficios lle achega o arrimador de comida FRone?

Hai tres anos que traballamos co arrimador, sobre todo para arriar a comida de noite. Está programado para facer oito pasadas ao día e as vacas sempre teñen a comida a disposición.

O arrimador de noite estimula as vacas, porque, ao pasar el, provoca que o animal se levante, vaia comer e se vaia muxir.





“Non estamos suxeitos ao muxido, chegamos fácil aos tres muxidos ao día, aumentamos a produción e notamos mellor calidade no traballo”

Os primeiros días houbo que estar aquí as 24 horas, máis ben por vixiar que por outra cousa, e organizamos quendas entre os catro traballadores mais eu. Explicáronnos como manexar o programa nas pantallas e hoxe en día controlámolo todos, é unha cousa moi básica, moi sinxela. Aos programas do ordenador e aos datos xa me dedico máis eu.

A maiores, apliquei un consello que lera nun artigo da Universidade de Leicester no que se facía un estudo das bondades da música clásica para a relaxación dos animais. Desde o día que empezamos púxenlles as cancións das que se falaba no artigo e parece que é verdade. De feito, hoxe para a gravación desta entrevista apagamos a música e as vacas alteráronse algo. Tivemos que volver a poñela para que se tranquilizasen.

Que diferenzas notou co cambio?

Con respecto á sala notamos que non estamos suxeitos a esas horas do muxido mañá e tarde e non existen tantas responsabilidades á hora de muxir, é moito máis fácil, non hai que estar pendentos dos antibióticos, de tirar ou non tirar o leite... Esas cousas xa as fai o robot automaticamente.

A diario podo mirar no ordenador os atrasos, as producións, as vacas que baixaron a produción, como se van portando as primíparas, os recontos de células somáticas e as vacas que poden ter algún problema. Vou directamente a elas no establo e comprobo como están.

Que beneficios lle achegou?

Estamos conseguindo os obxectivos que nos marcamos. Non estamos suxeitos ao muxido; chegamos fácil aos tres muxidos ao día, pois xa o conseguimos á semana de comezar a traballar cos robots; aumentamos a produción, coa sala tiñamos unha media de 34-36 litros por vaca e día e agora co robot estamos en 39 litros/vaca/día de media, estamos subindo mes a mes, e notamos moita mellor calidade no traballo, tanto eu como os empregados. Agora están todos a xornada continua de sete horas, agás o rapaz que se encarga do carro, que vén en xornada partida.

Cando superemos esta pandemia, espero poder notar tamén máis calidade de vida en xeral.

Tras algo máis dun ano de traballo cos robots, que valoración fai do cambio?

A verdade é que estou contento co cambio; se me din de volver atrás, seguiría facendo o mesmo. De cara ao futuro, estamos traballando xa para facer unha nave para as xovenças, pois o meu plan é chegar a muxir 220 animais e estabilizarnos aí.

ENTREVISTA
EN VÍDEO



Como traballa coa amamantadora C400?

Traballamos con amamantadora desde hai 13 anos e colocaremos outra dentro duns meses. Metemos as xatas aos 5 días e destetamos aos 75. Temos dous lotes, entran mamando 5 litros/día, sóbelles ata 8 litros/día e aos 55 días máis ou menos comeza a diminuírlles o líquido para a desteta.

Agora xa temos moitos máis animais e queremos incorporar unha segunda para que estean máis amplos, para ter catro lotes e menos animais en cada un deles.

Desde que se colocou notei moita melloría, sobre todo no tema das diarreas e no que atinxe ao traballo, pois vixiámola mañá e

tarde, miramos que mamasen todos e normalmente, se non hai ningún enfermo, non hai ningún problema.

Tamén teñen o tanque de GEA?

Si. Temos un tanque de 19.000 litros que está conectado cos robots. Cando chega o leiteiro dálle a un botón e os robots comezan a enviar o leite a un tanque auxiliar que se chama *buffer*. O tanque, ao acabar a carga, ponse a lavar e, automaticamente, cando acaba de lavar, o *buffer* recibe un sinal para baleirar o almacenado no tanque. Seguidamente, os robots empezan a enviar de novo o leite ao tanque.

